



CONCELLO DE O VALADOURO: ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira e reforestación nos montes e nos espazos forestais do concello de o Valadouro

[BOP de Lugo de 20/11/2020](#)

COMUNICACIÓN PREVIA: será necesaria nos seguintes supostos:

- 1.-Que acorta se faga en parcelas sitas neste Concello e se faga uso dos das vías públicas locais
- 2.-Que a corta se faga en parcelas de outro Concello colindante e que se teñan que utilizar as vías do Concello de O Valadouro.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN

- 1.-Cortas e sacas programadas: 7 días naturais. Tempo necesario para que o Concello faga as comprobacións oportunas do estado das vías de saca propostas polo solicitante.
- 2.-Cortas por urxencia sobrevida pola ocasionalidade de compras de lotes en parcelas colindantes, adxacentes ou con proximidade notoria polas que se vaian usar as mesmas vías da comunicación matriz.
- 3.- Cortas por ocasionalidade derivada da presenza da empresa cortadora na zona, polígono ou parroquia, que impliquen a corta continuada de parcela en parcela utilizando vías de acopio e saca, ou indistintamente, distintas da comunicación matriz.

Para os supostos 2 e 3 deste apartado establece un prazo de 48 horas previas o inicio da corta. Ademais no suposto 3 será obrigatorio e imprescindible incorporar á comunicación fotografías fidedignas do estado das vías a utilizar

CONTIDO DA COMUNICACIÓN PREVIA

1. Datos identificativos da empresa madeireira (denominación, NIF, enderezo -postal e electrónico- e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
2. Copia da autorización ou permiso de corta expedido pola autoridade competente, incluíndo copia das autorizacións, concesión administrativas ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles ao solicitante.
3. Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
4. Lugar de acopio ou depósito, ruta de acopio, ruta de saída (a cal será confirmada polo Concello se é prioritaria o noutro caso indicaráselle unha alternativa) e tratamento de residuos forestais se o realiza, ou no caso contrario a empresa designada para ese traballo.
5. Copia do seguro de responsabilidade civil o calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o devandito seguro se atopa vixente no momento de realizarse as operacións.

OUTRAS OBRIGAS: A empresa madeireira estará obrigada á colocación dun cartel coa información identificativa da empresa que realiza as actividades obxecto desta ordenanza e a data de desenvolvemento dos traballos

ENTRADA EN VIGOR: 21/11/2020.

Esta información está dispoñible na web www.maderasdeg Galicia.com